

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruiz, María Isabel
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Miguez Tabarés, José Luis
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rivo López, Elena
Rubio Armesto, Belén
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cid Fernández, Xosé Manuel
Cruz González, María Montserrat
Currás Valle, Consuelo
García Cutrín, Fco. Javier
Pardo Froján, Juan Enrique
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Vázquez, María Consuelo
Picos Martín, Juan

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tome, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao Jose Carlos
López Mira Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Porteiro Fresco, Jacobo
Rúas Araújo, José
Ruiz Hidalgo, M^a del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Barreiro Rodríguez-Moldes, Covadonga

ESTUDANTES

Davila Segade, Ruth
Diz Folgar, Manuel
Lima González, Estela

PAS

González Penín, Ana Isabel

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta M^a
Ríos Santomé, M^a José

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Abelleira Acebedo, Pablo
Álvarez Álvarez, María Salomé
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
García Fontán, María Soledad
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Rodríguez Domínguez M^a del Mar

INVITADO

Area Carracedo, Iván

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 30 de marzo de 2023, convocada para ás 09:00 h. en primeira convocatoria e ás 09:30 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 09:30 do día 30 de marzo de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral, xunto con distintos membros do órgano, asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante unha ligazón a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 02 de marzo de 2023.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do límite de prazas en titulacións de grao para o curso 2023/24.
4. Aprobación, se procede, do límite de prazas en titulacións de máster para o curso 2023/24.
5. Aprobación, se procede, da tramitación da modificación do título de Máster Universitario en Abogacía e Procura.
6. Aprobación, se procede, da solicitude de transferencia de crédito para obras e reparacións na Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo do Campus de Ourense.
7. Aprobación, se procede, do acordo das Universidades públicas do SUG sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2023/24.
8. Aprobación, se procede, da ponderación das materias para o acceso á Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, da suspensión de actividade do Instituto de Electrónica Aplicada.
10. Aprobación, se procede, do regulamento de réxime interno do Instituto Universitario de Física e Ciencias Aeroespaciais
11. Aprobación, se procede, do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2023/2024.
12. Elección de representante na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno: 1 PDI.
13. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO:
 - 1 PAS
 - 1 estudante do ámbito Campus do Mar
14. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 2 de marzo de 2023.

O reitor indica que non se presentaron observacións a acta e pide que se aprobe por asentimento.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Entrega de premio a Rosa Graña polo día da muller.
- Presentación do estudo da Xunta sobre a posta en marcha de graos duais.
- Estudo sobre o marco ético e normativo do potencial impacto da Intelixencia Artificial.
- Nova xuntanza do plan de infraestruturas.
- Sesións do Campus CREA cara a acreditación: consello reitor, comité consultivo social-empresarial, e comité consultivo académico.
- Constitución da rede cooperativa de investigación en Galicia sobre terapias avanzadas.
- Feira de emprego en Vigo.
- Feira de emprego en Ourense.
- Entrega dos premios do Campus Auga en Ourense.
- Avaliación do selo HRS4R, que foi aprobado, ata a seguinte avaliación dentro de tres anos. Comenta brevemente a xornada e pon de manifesto que sería interesante dar a coñecer mellor na comunidade universitaria a importancia deste selo.
- Sobre a xuntanza da CRUE: pechado o acordo transformativo con IEEE e RSC. En breve, presentarase o documento sobre Departamentos. Apoio ás reivindicacións das facultades de Belas Artes. Hai negociacións para arranxar o asunto das prácticas, especialmente, co sector público.

Remata o informe ás 09:45 h.

3. Aprobación, se procede, do límite de prazas en titulacións de grao para o curso 2023/2024.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, quen indica que este punto tivo informe positivo da COAP, por asentimento, na súa sesión do 27 de marzo de 2023, malia que hai un cambio motivado por unha recente comunicación da Secretaría Xeral de Universidades respecto dos PCEOs.

UNIVERSIDADE DE VIGO - Oferta de prazas 2023/2024

Código RUCT	TITULACIÓN DE GRAO (en castelán e por orde alfabética)	CENTRO	OFERTADAS NO CURSO 2022/2023	OFERTADAS NO CURSO 2023/2024	VARIACIÓN OFERTA CURSO 2022/2023	OBSERVACIÓNS 27.03.2023
2501114	Ciencia y Tecnología de los Alimentos	Facultade de Ciencias	45	42	-5	5 prazas para o PCEO
2502238	Ciencias Ambientales	Facultade de Ciencias	45	42	-5	5 prazas para o PCEO
2500466	Comunicación Audiovisual	Facultade de CC. Sociais e da Comunicación	45	50	5	Axuste á oferta da memoria
2501118	Derecho	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (Vigo)	70	70	0	O centro solicita 80 pero xa está acordado que non se pode modificar. Equilibrio sistema.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Código RUCT	TITULACIÓN DE GRAO (en castelán e por orde alfabética)	CENTRO	OFERTADAS NO CURSO 2022/2023	OFERTADAS NO CURSO 2023/2024	VARIACIÓN OFERTA CURSO 2022/2023	DO OBSERVACIÓNS 27.03.2023
2501202	Enfermería	Escola Universitaria de Enfermería Povisa (Vigo)	77	80	3	Consello de Coordinación da Docencia Clínica en Galicia (17 de abril)
2502241	Ingeniería Agraria	Facultade de Ciencias	45	37	-8	8 prazas para o PCEO
2503668	Ingeniería Biomédica	Escola de Enxeñaría Industrial	44	40	-4	Limitación actividades prácticas co incremento dos estudantes dos PCEO
2502243	Ingeniería de los Recursos Mineros y Energéticos	Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas e Enerxia	50	30	-20	Redución segundo a resolución do 14/11/2022 da SXU por exceso de oferta e taxa de graduación inferior ao 35 % (últimos 3 anos)
2502251	Ingeniería Mecánica (*)	Centro Universitario da Defensa (Marín)	82	0	-82	*Pendente de publicar no BOE polo Ministerio de Defensa
2501123	Relaciones Laborales y Recursos Humanos	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	72	80	+8	Axuste á oferta da memoria
2501123	Diseño	Facultade de Deseño	0	45	45	Pendente da súa verificación
2501123	Ingeniería de la Automoción mención dual	Escola de Enxeñaría Industrial	0	20	20	Pendente da súa verificación
2501123	PCEO Ingeniería Agraria y Ciencias Ambientales	Facultade de Ciencias	0	9	9	Pendente da súa aprobación
2501123	PCEO Ingeniería Agraria y Ciencia y Tecnología de los alimentos	Facultade de Ciencias	0	9	9	Pendente da súa aprobación

Número total de prazas para solicitar: 3848 (57 máis que no curso 2022/2023).

Aínda que algúns centros propios da Universidade de Vigo que imparten titulacións multiplicadas no SUG solicitaron un incremento na súa oferta, a COAP propón non incluír os ditos aumentos na proposta inicial remitida, posto que se entende que nestas titulacións multiplicadas existe actualmente un equilibrio no SUG que non debería romperse. Non obstante, no caso de que finalmente se abra a oportunidade de incrementar prazas nestas titulacións dentro do SUG, a Universidade de Vigo pretende exercer o seu dereito a participar no dito incremento. É o caso das titulacións dos ámbito xurídico e das TIC.

Susana Reboreda comenta que na USC a Facultade de Xeografía e Historia pediu un incremento de prazas e entende que pode afectar á titulación do Campus de Ourense, que solicitara a declaración de singularidade, polo que recomenda estar alerta. O vicerreitor indica que o prazo para solicitar a singularidade da titulación remata mañá.

Apróbese por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do límite de prazas en titulacións de mestrado para o curso 2023/2024.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións quen indica o mesmo que no punto anterior respecto do informe favorable da COAP.

UNIVERSIDADE DE VIGO - Oferta de prazas 2023/2024

Código RUCT	TITULACIÓN DE MESTRADO (en castelán e por orde alfabética)	CENTRO	OFERTADAS NO CURSO 2022/2023	OFERTADAS NO CURSO 2023/2024	VARIACIÓN OFERTA CURSO 2022/2023	DO OBSERVACIÓNS UVIGO
4312601	Ciencia y tecnología de conservación de productos de la pesca (bienio ECTS/año)	30 Facultade de Química	30	0	-30	Oferta bianual
4316521	Comunicación en medios sociales y creación de contenidos digitales	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	21	25	4	Error envío curso pasado SXU
4314030	Ingeniería de la automoción	Escola de Enxeñaría Industrial	36	35	-1	Redución paulatina para equilibrio da demanda
4310398	Prevención de riesgos laborales	Escola de Enxeñaría Industrial	50	45	-5	Adaptación á demanda de matrícula



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Código RUCT	TITULACIÓN DE MESTRADO (en castelán e por orde alfabética)	CENTRO	OFERTADAS NO CURSO 2022/2023	OFERTADAS NO CURSO 2023/2024	VARIACIÓN OFERTA CURSO 2022/2023	DO OBSERVACIÓNS UVIGO
	Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica	Escola de Enxeñaría do Espazo	0	30	0	Pendientes de verificación
	Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga	Escola de Enxeñaría de Minas	0	10	10	Pendientes de verificación
	Máster Universitario en Fabricación Aditiva	Escola de Enxeñaría Industrial	0	10	10	Pendientes de verificación
	Máster Universitario en Ciencia e Tecnoloxías da Información	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	0	8	8	Pendientes de verificación

Número total de prazas para solicitar: 1776 (26 máis que no curso 2022/2023).

Álvaro López Mira intervén para comentar sobre o nome do seu centro, pero o vicerreitor indica que na documentación remitida á Xunta corrixiuse.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da tramitación da modificación do título de Mestrado Universitario en Avogacía e Procuradoría.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións quen indica o mesmo que no punto anterior respecto do informe favorable da COAP.

Antecedentes:

- Lei 15/2021, de 23 de outubro, que modifica a Lei 34/2006, de 30 de outubro, e o regulamento de desenvolvemento de 7 de febreiro de 2023, sobre o acceso as profesión de avogado e procurador dos tribunais, de modo que a partir do curso académico 2023/2024 todos os cursos de formación de avogacía e procura deberán estar adaptados á dita lei e ao seu regulamento de desenvolvemento.
- Modificación do calendario de acordo co sistema universitario de Galicia (UDC, USC, UVIGO, SXU e ACSUG)

Novo calendario:

- Declaración de interese: informada favorablemente pola COAP do 18 de xaneiro de 2023 e aprobada polo Consello de Goberno o 24 de xaneiro de 2023.
- Memoria provisional: 15 de marzo.
- Exposición pública: do 16 ao 22 de marzo.
- Memoria definitiva: 24 de marzo.
- Informe da COAP: 27 de marzo.
- Aprobación, se procede, polo Consello de Goberno: 30 de marzo.
- Aprobación, se procede, polo Consello Social: 31 de marzo.

N.º MESTRADO	CENTRO	PROCED.	NOVO	INTERUNIV. COORD.
1	Mestrado universitario en avogacía e procuradoría Facultade de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo	Modificación	NON	NON UVIGO

Intervén Carmen Ruiz para solicitar votación, por certas irregularidades que advertiu xa na súa Xunta de Facultade en relación coa tramitación levada a cabo, aínda que deixa á decisión do reitor que se poida aprobar por asentimento, o que o reitor lle agradece.

Elevarase ao Consello Social.

Apróbase a proposta por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da solicitude de transferencia de crédito para obras e reparacións na Facultade de Ciencias Empresarias e Turismo do campus de Ourense.

O reitor cede a palabra á xerente, quen explica o punto, motivado polo feito de que, por normativa, as transferencias de crédito apróbanse polo Consello Social, previa solicitude do Consello de Goberno, que é do que se trata agora mesmo, en relación co obxecto descrito no rótulo, relativa ao aforro enerxético no dito centro. Con posterioridade, elevarase ao Consello Social.

Montserrat Cruz agradece a actitude da xerencia e da reitoría, explicando as razóns da petición.

O reitor pensa que no futuro sería bo delegar estas cuestións na comisión de asuntos económicos, polo menos, por cantidades pequenas.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do acordo das universidades públicas do SUG sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao para o curso 2023/2024.

O reitor cede a palabra ao delegado na CiUG, Iván Area, que pasa a expoñer este punto, que se aproba anualmente, e que non presenta diferenzas esenciais respecto do curso pasado.

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da ponderación das materias para o acceso á Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao delegado na CiUG, Iván Area, que pasa a expoñer este punto, conectado directamente co anterior, polo que tamén se aproba anualmente, e que non presenta diferenzas esenciais respecto do curso pasado.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da suspensión de actividade do Instituto de Electrónica Aplicada.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, que expón os antecedentes deste punto:

O instituto creouse baixo o impulso da Fundación Barrié, polo Decreto da Xunta de Galicia 26/1993, do 11 de febreiro, polo que se concedía a autorización de novos estudos e de creación de centros no sistema universitario galego. Rexíase pola Lei 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, os estatutos anteriores da universidade e o regulamento e o convenio de creación do citado instituto. En 2021 a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, na súa Orde do 26 de marzo de 2021, pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do sistema universitario de Galicia (DOG n.º 68 do 13 de abril de 2021) insta ás universidades a realizar as reformas oportunas nas súas estruturas.

A Universidade de Vigo, no Claustro do 21 de decembro do ano 2021, aprobou o Regulamento da creación e da xestión dos institutos de investigación da Universidade de Vigo. Na súa Disposición Transitoria establece o período dun ano para axustarse ao regulamento. A dirección do instituto declinou facer a adaptación.

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Instituto Universitario de Física e Ciencias Aeroespaciais.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, que expón os antecedentes:

- 10/03/2023: Xuntanza constitutiva, xunta directiva e primeira ordinaria.
- Aprobación do Regulamento de réxime interno. Revisado pola Area de Normalización Lingüística e pola Unidade de Igualdade.
- Informe favorable da Asesoría Xurídica.

Expón a estrutura do regulamento:

TÍTULO I. NATUREZA E OBXECTIVOS DO INSTITUTO

Artigo 1. Natureza, denominación, réxime xurídico e adscrición.

Artigo 2. Obxectivos do IFCAE

TÍTULO II. ORGANIZACIÓN E GOBERNANZA

Artigo 3. Estrutura organizativa e de goberno.

Artigo 4. Xunta directiva.

Artigo 5. Dirección científica.

Artigo 6. Comisión científica.

Artigo 7. Comité asesor externo.

Artigo 8. Secretaría.

Artigo 9. Unidade de xestión.

TÍTULO III. DO PERSOAL

Artigo 10. Membros.

Artigo 11. Proceso de vinculación e desvinculación.

TÍTULO IV. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 12. Recursos.

Artigo 13. Orzamento.

Artigo 14. Equipamento.

TÍTULO V. CONTROL E AVALIACIÓN

Artigo 15. Seguimento.

Artigo 16. Ética na investigación.

Artigo 17. Contratación de persoal.

TÍTULO VI. POLÍTICA DE PUBLICACIÓN E VISIBILIZACIÓN DO INSTITUTO

Artigo 18. Proxección e visibilidade.

TÍTULO VII. ENTRADA EN VIGOR

Artigo 19. Entrada en vigor.

Apróbase por asentimento.

11. Aprobación, se procede, se procede, do calendario académico do Centro Universitario da Defensa (CUD), adscrito á Universidade de Vigo, para o curso 2023/2024.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral quen indica que a aprobación deste calendario soe adiarse pola necesidade de agardar pola autorización do Ministerio de Defensa. Non inclúe modificacións esenciais respecto do aprobado o curso pasado, agás as propias do cambio de datas.

Apróbase por asentimento.

12. Elección dunha persoa representante na Comisión de planificación e asuntos económicos delegada do Consello de Goberno.: 1 PDI

O reitor sinala que se presentou a candidatura de Concepción Paz Penín, polo que non é necesario proceder á elección.

Resulta elixida Concepción Paz Penín.

13. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO:

- **1 PAS**
- **1 estudante do ámbito Campus do Mar**

O reitor indica que se presentou unha candidatura do estudantado: María Alborja Valado.

Non procede a elección e resulta elixida María Alborja Valado.

14. Quenda de intervencións.

O reitor abre a quenda de intervencións.



Juan Pardo pregunta polo servizo que se presta no Edificio de Fundición, onde cre que a situación é complexa e se está a agravar. Describe brevemente a situación e o reitor o empraza para unha xuntanza coa xerenta.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:21 h. do día 30 de marzo de 2023, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral